

1. Une.



**Naciones
Unidas**

Noticias ONU

Mirada global Historias humanas

10 marzo 2023

Nenas afgás trasládanse a Rwanda para estudar

OIM/Robert Kovacs

CORPO

Nenas afgás chegan a Rwanda para continuar a súa educación

Un grupo de nenas afgás chegou a Rwanda para continuar a súa educación despois de que os talibáns prohibiran ás mulleres e as nenas a educación secundaria e universitaria en Afganistán.



TITULAR

A Organización Internacional para as Migracións (OIM), que asiste neste proceso, informou que as mozas ingresarán á Escola de Liderazgo Afganistán, un internado para nenas con sede orixinalmente en Cabul, pero se trasladou a Rwanda logo da prohibición.

A escola é a primeira no seu tipo e ten o obxectivo de ofrecer un espazo seguro para que as nenas afgás reciban educación secundaria coa visión de crear unha xeración de mulleres líderes.

O director xeral da OIM, António Vitorino, dixo que a recolocación e a escola son unha iniciativa de esperanza e determinación para seguir traballando xunto coas mulleres e as nenas afgás co fin de lograr que Afganistán recoñeza, promova e aproveite as contribucións das súas mulleres e invista nas súas nenas.

ENTRADA

COMO SE REDACTA UNHA NOTICIA?

Unha noticia está ben redactada se contesta estas preguntas:

- ✚ Que? —> Tema
- ✚ Quen? —> Protagonista ou protagonistas
- ✚ Onde? —> Lugar onde sucede
- ✚ Cando? —> Momento no que sucede
- ✚ Como? —> Forma na que sucede

2. Completa.

Nenas afgás	O 9 de marzo	En Rwanda	Chegaron para continuar a súa educación porque os talibáns prohiben estudar as nenas.	Grazas a OIM, as mozas ingresarán a Escola de Liderazgo Afganistán, un internado con sede en Cabul, trasladado a Rwanda.
-------------	--------------	-----------	---	--

QUE	QUEN	ONDE	CANDO	COMO

3. Que no poden facer as mulleres e nenas afgás?

Camiñar pola rúa sen un home da familia.

Usar zapatos de tacón.

Facer as tarefas da casa.

Falar en voz alta en público.